



A práctica asistencial é cada vez máis complexa debido a diversos factores entre os que se encontran, o aumento importante da información científica dispoñible, e os constantes cambios das necesidades e expectativas que se xeran na sociedade respecto ao servizo sanitario e os seus profesionais. Isto require que o profesional sanitario se manteña actualizado para poder abordar as necesidades de saúde da poboación.

A innovación en termos xerais significa un cambio, acelera e mellora o xeito de concibir, desenvolver, producir e acceder a novos produtos, procesos e servizos. A innovación sanitaria comprende non só a tecnolóxica senón tamén a innovación organizacional e dos servizos, e debe entenderse como un proceso de mellora continua da capacidade de resposta ás necesidades da poboación e dos profesionais. As administracións sanitarias deben facilitar a xeración e o desenvolvemento das ideas innovadoras que poidan emerxer dende calquera profesional sanitario no ámbito dos procesos clínicos ou de provisión de servizos, así como facilitar o recoñecemento, a difusión e a implementación das mellores prácticas innovadoras.

Non podemos esquecer que o Servizo Galego de Saúde, como organización sanitaria, é o unha organización do coñecemento, na que este é a súa materia prima fundamental, polo que dende a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, coa coordinación dende o Servizo de Integración Asistencial está a desenvolver unha iniciativa innovadora, denominada FEMORA, seguindo as liñas estratéxicas marcadas no obxectivo 3 (o punto 3.2 ten coma obxectivo xeral transformar a capacidade de crear, identificar, recompilar, adaptar, organizar, aplicar e compartir o capital intelectual do Servizo Galego de Saúde, co fin de mellorar a súa capacidade na toma de decisións e contribuír á mellora da calidade asistencial) e no obxectivo 4 que ten coma fin desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.

Dende o SERGAS preténdese traballar con este proxecto coa finalidade de poñer ao alcance de todos os profesionais da saúde diferentes procedementos e protocolos estandarizados para todos os centros da Comunidade; traballando sobre a base dos que están en funcionamento, coa súa actualización, revisión e consenso ou elaborando aqueles que non existan previamente. Pretende ser un proxecto dinámico, vivo, áxil, que de resposta as vosas demandas e no que participemos todos.

Un dos piares básicos do despregamento e implantación esta baseado no **desenvolvemento e/ou validación dos procedementos**, tras a revisión da evidencia científica na materia e a consulta de fontes bibliográficas actualizadas. Este proxecto amplíase coa gravación de vídeos realizados cos profesionais encargados de elaborar os devanditos documentos, que xunto cos propios protocolos estarán dispoñibles para todos os profesionais do SERGAS nesta páxina web, e a dende os códigos QR.

Os procedementos están elaborados coa participación de profesionais de saúde de atención primaria e atención hospitalaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa e Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS.

As recomendacións de práctica clínica baseada na evidencia que se inclúen nesta guía son de carácter xeral, polo que non definen un curso único de conduta a seguir nun procedemento ou tratamento para o coidado integral que se pretende levar. Calquera modificación ou variación das recomendacións aquí establecidas, deberán basearse no xuízo clínico (evidencia interna) do profesional sanitario que as aplica e das mellores prácticas clínicas do momento; así como, nas necesidades específicas e as preferencias de cada paciente en particular; os recursos dispoñibles no momento da atención sanitaria e na normativa establecida pola institución ou centro sanitario onde se pretende aplicar.

Elaboraranse tantos procedementos coma se detecten necesidades, e estarán a disposición dos profesionais agrupados por temas e con un código de cor para a fácil identificación.

Procedementos dispoñibles:

- Biomedidas
- Vía respiratoria
- Coidados básicos

- Administración de medicación
- Vías, sondas e drenaxes
- Nutrición
- Eliminación
- Probas diagnósticas

Iranse engadindo mais grupos para dar cabida a todos os procedementos realizados.